



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa á baixada dos salarios.

Exposición de Motivos

O informe sobre a enquisa trimestral de custo laboral deixa en evidencia o discurso sobre a recuperación que o PP practica nas vésperas do ciclo electoral. Os salarios das traballadoras e traballadores galegos seguen á baixa gravitando onerosamente sobre as condicións materiais de vida e lastrando a recuperación da demanda interna, rubro sen a cal non haberá saída da crise.

O custo salarial diminuíu un 0,5% no cuarto trimestre do ano en relación co 4º trimestre do 2013. A baixada multiplica por 2,5 a redución estatal, que foi do 0,2%. Estas porcentaxes confirmanlle ás clases traballadoras galegas que a recuperación é cousa de outros (dos causantes da crise) e nos deixa no furgón de cola estatal, porque o custo salarial medio no Estado supuxo 1.991,84 euros para caer no noso país a 1.769,04 euros, 223 euros menos.

Fenda salarial que se incrementa cando os datos se desagregan por sectores produtivos: o custo laboral na industria galega é inferior en máis de 370 euros á media do Estado, ou na construción supón 265 euros menos. Atopámonos cos peores dados os do 4º trimestre do 2012.

A devaluación salarial cobra máis relevancia se a análise se fai sobre o tempo de traballo, nunha xornada efectiva en Galicia de 30,4 horas semanais que no Estado é de 29,8 horas. Ademais o custo laboral total por hora efectiva diminúe en Galicia un 1,7% (a media estatal cae un 1,2%). E o custo salarial por hora efectiva diminúe un 2,8%, toda vez que se incrementaron as horas de traballo para sumar un total 132,3 horas mensuais.

Os datos confirman pois a Núñez Feijóo como o presidente da diverxencia negativa, sufrida polas clases traballadoras do noso país.

En atención ao sinalado, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate plenario:

- O Parlamento Galego reproba a política económica seguida polo goberno da Xunta e o goberno central que segue a facer recaer os axustes e recortes sobre as clases traballadoras.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a elaborar un estudo que avalíe o impacto negativo que para a recuperación económica e as condicións de vida das clases traballadoras está a ter as rebaixas salariais e a perda de poder adquisitivo dos salarios dende 2009 en adiante.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a impulsar unha política económica alternativa, que reverta a progresiva baixada de salarios que reflicten as estatísticas oficiais.

En Compostela, a 18 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 18/03/2015 14:25:56